



Expediente núm.: 1937/2024

Contrato: C24/10 Iluminación ornamental Festas do Cristo (Lote 1) e Nadal (Lote 2)

Asunto: MEMORIA XUSTIFICATIVA

De conformidade co disposto no artigo 116.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) e 73.2 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, incorpórase ao expediente a presente memoria xustificativa do contrato indicado.

1. Obxecto do contrato

É obxecto deste contrato a subministración e instalación en réxime de alugueiro da iluminación ornamental de diversos espazos públicos do Concello de Cangas durante a celebración das Festas do Cristo e os actos das festas do Nadal, conforme ás especificacións establecidas no prego de prescricións técnicas (en adiante PPT).

LOTE 1: Subministración de iluminación ornamental en diversas rúas e prazas nas Festas do Cristo 2024 e 2025.

LOTE 2: Subministración de iluminación ornamental en diversas rúas e prazas nas festas do Nadal 2024/25 e 2025/26

Codificación correspondente á nomenclatura do Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea, Regulamento (CE) n.º 213/2008 da Comisión, de 28 de novembro de 2007:

- 34991000-0 → Luces para iluminación exterior
- 34991000-0 → Luces para árbore de Nadal
- 34991000-0 → Lámpadas e accesorios de iluminación
- 50232100 → Servizos de mantemento de alumeadado público de rúas
- 50232110 → Posta a punto de instalacións de alumeadado público

2. Necesidades administrativas a satisfacer e idoneidade do contrato

As necesidades administrativas a satisfacer veñen descritas no informe de necesidades incorporado ao expediente por empregado dos Servizos Técnicos Municipais en data 30/05/2024 no que logo de facer referencia ao marco legal e situación actual sinala que coa celebración deste contrato *“preténdese recoller a iluminación ornamental no período das festas do Nadal e patronais, de diferentes zonas e rúas da vila, baixo criterios de sustentabilidade, apostando pola implantación de novas tecnoloxías de menor consumo enerxético e alto valor estético. Esta actuación ten como fin último promover a imaxe do municipio de xeito que se xere maior afluencia de visitantes así como unha maior actividade comercial durante as datas de festas”*.

As características e especificación técnicas dos traballos a executar veñen determinados no PPP incorporado ao expediente en cumprimento dos artigos 124 a 126 da LCSP, que acreditan a idoneidade deste contrato para satisfacer as necesidades descritas.





3. Duración

De acordo co disposto nos artigos 29 e 35.1.g) da LCSP establécense unha duración inicial de DOUS ANOS que se considera axustada á natureza e características da prestación e á necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización da mesma.

4. Análise económica

No informe incorporado ao expediente polos servizos técnicos municipais en data 20.03.2024 consta a seguinte valoración económica para unha anualidade:

	LOTE 1 FESTAS DO CRISTO	LOTE 2 NADAL
Importe neto	20.176,80 €	25.821,50 €
IVE (21%)	4.237,13 €	5.422,51 €
TOTAL	24.413,93 €	31.244,01 €

Partindo do anterior establécense os seguintes conceptos:

4.a) Tipo de licitación (TL)

O tipo de licitación que os candidatos poderán mellorar á baixa **por ano** establécense en VINTE E CATRO MIL CATROCENTOS TRECE EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (24.413,93 €) para o Lote 1 e TRINTA E UN MIL DOUSCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON UN CÉNTIMO (31.244,01 €) para o Lote 2.

4.b) Orzamento base de licitación (OBL)

O orzamento base de licitación, considerado segundo o disposto no artigo 100 da LCSP como o límite máximo de gasto que pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE e tendo en conta a duración do contrato (2 anos) pero sen considerar as prórrogas nin posibles modificados, ascende á cantidade de CENTO ONCE MIL TRESCENTOS QUINCE EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (111.315,88 €) coa seguinte distribución por anualidades:

	2024	2025	2026	TOTAL
LOTE 1: Festas do Cristo	24.413,93 €	24.413,93 €	--	48.827,86 €
LOTE 2: Nadal	--	31.244,01 €	31.244,01	62.488,02 €
TOTAL	24.413,93 €	55.657,94 €	31.244,01 €	111.315,88 €

4.c) Financiamento e existencia de crédito:

O contrato finánciase con fondos propios do Concello e o gasto imputarase á aplicación orzamentaria 338-22699. Consta crédito suficiente para a presente anualidade segundo documento contable de retención de crédito expedido polo Interventor municipal o día 31.05.2024 (n.º operación)





220240002618 e 220240002630). O Concello asume a obriga de consignar crédito adecuado a suficiente para todas as anualidades ás que se estenda a execución do contrato.

4.d) Valor estimado do contrato (VE)

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de NOVENTA E UN MIL NOVECIENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS

	Importe s/IVE
Orzamento inicial (2 anos s/IVE)	91.996,60 €

4.e) Facturación

O pago da subministración efectuarase logo de que o adxudicatario presente a correspondente factura debidamente conformada polo/a Concelleiro/a da área correspondente e o/a responsable do contrato nomeado ao efecto. A factura emitirase dentro do mes seguinte á finalización do período de desmonte.

5. Procedemento de licitación

O artigo 131.2 da LCSP dispón que a adxudicación dos contratos realizárase ordinariamente utilizando o procedemento aberto ou restrinxido, sendo este último especialmente adecuado cando se trate de servizos intelectuais de especial complexidade (art. 160.4 LCSP). Non sendo este o caso, o expediente tramitárase mediante **PROCEDIMENTO ABERTO** seguindo o establecido nos artigos 156, 157 e 158 da LCSP, sen que poida aplicarse a tramitación abreviada prevista no artigo 159 por contemplar criterios de adxudicación avaliábles mediante xuízos de valor cuxa ponderación supera o 25% do total (art. 159.1.b). Preténdese ademais co procedemento aberto unha maior participación de empresas e a consecución dun mellor prezo e condicións do contrato, ao facilitar a concorrencia dun maior número de empresas sen restrición algunha, dado que conforme ao establecido no artigo 156.1 da LCSP “*todo empresario interesado poderá presentar unha proposición*”.

Este contrato non está suxeito a regulación harmonizada xa que o seu valor estimado non supera o limiar de 221.000 euros establecido no artigo 22.1b) da LCSP. A forma de tramitación é ordinaria.

6. Criterios de adxudicación

O carácter esencial dos criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adxudicación dun contrato, de acordo co artigo 145.6 da LCSP, busca definir un proceso baseado en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

En relación aos aspectos que deben identificar aos criterios de avaliación deste contrato e, tendo en conta que a necesidade a satisfacer recae sobre cuestións de carácter estético, sen pormenorizar aspectos funcionais, considérase oportuno determinar unha fase de avaliación de criterios mediante xuízo de valor que teñan como obxectivo identificar, entre as ofertas presentadas, aquelas que





xustificuen un maior grado de coñecemento, variedade e calidade en relación aos devanditos aspectos necesarios para unha correcta execución do contrato.

Polo exposto, establécese a seguinte proposta de criterios de valoración aplicables a cada un dos lotes:

A.	CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR	45
1.	Complexidade	15
2.	Adecuación das dimensións dos elementos luminosos propostos aos espazos para iluminar	10
3.	Innovación	10
4.	Representatividade	5
5.	Plan de instalacións e mantemento	5

Para continuar na licitación establécese unha puntuación mínima do 50% (22,5 puntos) para os criterios relacionados "ut supra", en aplicación do disposto no artigo 146.3 da LCSP.

B.	CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE	55
1.	Oferta económica	45
2.	Enerxía eléctrica	5
3.	Resolución de incidencias	5

Por conseguinte, para poder identificar a oferta máis vantaxosa, procederáse a avaliar as ofertas, de acordo cos criterios que se describen a continuación para determinar cal é a que presenta a mellor relación calidade-prezo.

Criteriaos avaliados mediante xuízo de valor

1. **Complexidade**, entendida como a riqueza de formas e motivos dos deseños, así como a variedade e orixinalidade, tendo en conta tanto o número de deseños diferentes para instalar, respectando en todo caso a necesaria uniformidade en cada vía ou grupo de viais, como o trazo e características dun deseño que permita diferencialo respecto aos restantes. (Ata 15 puntos)
2. **Adecuación das dimensións dos elementos luminosos propostos aos espazos para iluminar**. Para poder valorar este apartado, a oferta que se realice deberá incluír - dentro da proposta técnica - un cadro onde figuren os datos precisos dos diversos espazos a iluminar incluídos no Anexo I e Anexo II do PPT. Non serán obxecto de valoración neste apartado as ofertas que non inclúan devandito cadro. (Ata 10 puntos)
3. **Innovación**, co emprego de tecnoloxías de última xeración, así como a incorporación de calquera novidade que realce o produto, como programacións dinámicas de acceso/apagado de elementos simulando movemento, cambio de cor (RGB), escintileos flash, así como o





engadido de calquera elemento que enriqueza o produto final. (Ata 10 puntos)

4. **Representatividade**, definida como a adecuación e correspondencia dos deseños coas características propias da celebración. (Ata 5 puntos)
5. **Plan de instalación e mantemento**. A importancia na ponderación deste criterio, radica na proposta que faran as empresas concursantes, na medida que reflicte o grado de coñecemento da instalación dos elementos posto que acredita a viabilidade da execución.(Ata 5 puntos)

En aplicación ó disposto no artigo 146.3 da LCSP se establece un limiar mínimo do 50% da puntuación no conxunto dos criterios cualitativos para continuar no proceso selectivo.

Criterios avaliados automaticamente

1. **Prezo ofertado**: valorarase as ofertas conforme a seguinte fórmula. Puntuación máxima 45 puntos.

$$PL = 45 \times \frac{OE}{OP}$$

PL= Puntos licitador

OE= Oferta máis económica

OP= Oferta a puntuar

2. **Contrato de subministración de enerxía eléctrica renovable**. Valorarase que os licitadores teñan un contrato vixente cunha empresa comercial que garanta que o 100% da subministración eléctrica sexa de ORIXE RENOVABLE. (5 Puntos)
3. **Resolución de incidencias**. Outorgaranse 5 puntos á oferta que se comprometa á reparación de incidencias (ou polo menos a iniciar as tarefas de reparación) nun prazo máximo de 2 horas. (5 puntos)

7. Condições mínimas de solvencia

En cumprimento do disposto no artigo 74 da LCSP, indícanse a continuación as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional que deberán posuír as empresas que concorran a esta licitación. Cos criterios de solvencia elixidos preténdese garantir a idoneidade dos candidatos para a execución do contrato, considerando os niveis mínimos de solvencia fixados, como proporcionados ás circunstancias do contrato.

SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

REQUISITO MÍNIMO:

VOLUME ANUAL DE NEGOCIO: os candidatos ou licitadores deberán acreditar un volume anual de negocio no ámbito ao que se refire o contrato, que referido ao mellor exercicio dentro dos tres (3) últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación





das ofertas, cuxo importe sexa como mínimo igual ao 70 % do valor estimado do contrato (64.397,62 €).
Naqueles casos en que o licitador leve menos de 3 anos dado de alta nesta actividade profesional e polo tanto non poda acreditar a súa solvencia económica segundo o disposto anteriormente, poderá acreditarla mediante a disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas por importe non inferior ao valor estimado do contrato. Ademais, deberase achegar o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido polo licitador ou candidato que, no caso de resultar adxudicatario, inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de subscrición do seguro esixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles a que se refire o número 2 do artigo 150 da LCSP.

XUSTIFICACIÓN:

A situación financeira e o grao de fortaleza na estrutura, na magnitude e na composición do capital dos licitadores considérase un motivo indicativo que permite presumir unha suficiencia razoable na capacidade do adxudicatario para facer fronte ás obrigacións económicas e financeiras que derivarán da adxudicación do presente contrato.

FORMA DE ACREDITACIÓN:

- O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.
- A acreditación do seguro por riscos profesionais efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

REQUISITO MÍNIMO:

SERVIZOS REALIZADOS: O licitadores deberán ter realizado no período de, como máximo os últimos 3 anos, unha relación de servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior á anualidade media do contrato. Para determinar que os traballos ou servizos sinalados polo/a licitador/a son de igual ou similar natureza ao que constitúe o obxecto do contrato atenderase aos tres primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV de cada un dos servizos que constitúen o obxecto do contrato.

Este requisitos non será esixible cando o contratista sexa unha EMPRESA DE NOVA CREACIÓN, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, que deberá acreditar a súa solvencia mediante unha declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que deberá xuntar a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido





polos servizos dependentes do órgano de contratación. Considerarase solvente, ás empresa de nova creación que acrediten dispoñer como mínimo do material descrito nos anexos do PPT.

XUSTIFICACIÓN:

Os servizos previos realizados como requisito de solvencia técnica considéranse acorde co obxecto do servizo, xa que a experiencia previa da empresa en contratos similares presupón unha capacidade e valía óptimas para a correcta xestión e execución da prestación.

En canto ao requisito esixido ás empresas de nova creación, considérase o mínimo imprescindible para poder executar o servizo que se vai contratar, xa que de non contar con ese material non poderá executar a prestación.

FORMA DE ACREDITACIÓN:

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por leste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

8. Condicións especiais de execución

En cumprimento do disposto no artigo 202 da LCSP establécense como condicións especiais de execución as que a continuación se indican:

De tipo social ou laboral

A cargo da empresa contratista e subcontratistas do contrato de referencia:

- Dispoñer de persoas que, conforme ao plan de prevención, exercen funcións de dirección e recibiron a formación necesaria para integrar a prevención de riscos laborais no conxunto das súas actividades e decisións.
- Dispoñer dun procedemento de inspeccións periódicas na execución da prestación cuxa execución poida xerar especial risco para a seguridade e saúde laboral, a través da súa organización preventiva seguindo as pautas establecidas no procedemento de comprobación específico do Plan de Prevención. No devandito procedemento deberá incluírse a comprobación periódica das medidas de protección colectiva previstas na Avaliación de Riscos/Plan de Seguridade e Saúde, así como o uso efectivo dos EPIs.

XUSTIFICACIÓN: con esta condición especial preténdese garantir a seguridade e a protección da saúde no lugar de traballo, o respecto aos dereitos laborais básicos, e o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables

INCUMPRIMENTO: o incumprimento desta condición terá a consideración de infracción moi grave aos efectos de imposición de penalidades.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

